

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN SAÚDE MENTAL A MARIÑA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TERAPÉUTICOS PARA PERSOAS CON TRASTORNO MENTAL PERSISTENTE NO CONCELLO DE CERVO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 19 de febreiro de 2024, coa Asociación Saúde Mental A Mariña o instrumento convencional arriba referido, vixente dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Asociación Saúde Mental A Mariña, da prestación de servizos terapéuticos para persoas con trastorno mental persistente nunha unidade residencial localizada no Concello de Cervo (Lugo). Os servizos obxecto deste convenio procurarán o desenvolvemento das capacidades persoais, sociais, familiares e laborais das persoas residentes no dispositivo procurando a súa rehabilitación psicosocial, posibilitando a maior independencia posible a través de programas de: Adestramento en habilidades da vida diaria, que permitan unha maior autonomía funcional; Atención psicolóxica, social e prelaboral; Programas de ocio e tempo de lecer e apoio ás familias das persoas usuarias.

As persoas usuarias contarán con plans de Intervención individuais que introduzan, ademais, os aspectos necesarios para dar resposta aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.

Os plans deberán ser revisados e modificados coa periodicidade de seis meses, de forma coordinada co responsable do equipo de saúde mental do Servizo Galego de Saúde da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa á que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se

regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Así mesmo, segundo o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como a coordinación cos órganos ou unidades da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia competentes en materia de servizos sociais, de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias. Así mesmo, é a responsable da definición, implantación e coordinación do Plan de Saúde Mental, programas e actividades en relación coa saúde mental así como o establecemento e seguimento dos obxectivos e indicadores no ámbito da saúde mental, necesarios para conseguir a total integración asistencial e a efectiva continuidade de coidados, así como a avaliación destes.

O Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19 periodo 2020-2024, ten como obxectivo principal realizar accións que melloren a asistencia aos trastornos mentais e diminúan o impacto que producen na persoa e nos seus achegados, especialmente trala incidencia da epidemia na poboación galega.

No ámbito da nosa comunidade, a prevalencia do trastorno mental persistente e o modelo de atención na saúde mental definido no Plan de Saúde Mental poscovid-19 periodo 2020-2024 prioriza a atención na comunidade e a integración social da persoa, o fomento de recursos de atención comunitaria de proximidade, especialmente no ámbito rural e para casos de alto risco ou gravidade. Ademais sinala a necesidade de introducir programas rehabilitadores innovadores e de actualizar os procedementos e programas dos recursos de apoio comunitario establecendo novos estándares e servizos.

A Asociación Saúde Mental "A Mariña" ten entre os seus obxectivos os de prestar asistencia continuada ás persoas con enfermidade mental persistente para lograr a súa rehabilitación psicosocial, así como apoio ás súas familias, na Comunidade Autónoma de Galicia. Conta cunha longa experiencia na xestión de dispositivos de apoio e programas terapéuticos, sendo a única asociación destas características na Mariña lucense.

Na súa condición de entidade prestadora de servizos sociais, é titular dunha unidade residencial no Concello de Cervo (Lugo) autorizada para a atención a persoas con trastorno mental que cumpre cos requisitos do Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes.

A Asociación Saúde Mental A mariña cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Ambas as dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas en materia de asistencia ao trastorno mental na comunidade autónoma galega para acadar o fin común, que é o tratamento, a incorporación social e a recuperación destes pacientes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

